

Co fin de ordenar a xestión das **solicitudes de autorización de permisos para a asistencia a congresos, xornadas, estadias, reunións, etc.**, do persoal contratado con cargo a actividades e proxectos de investigación así como en programas de recursos humanos, fora de Santiago ou Lugo, segundo o caso, establecece o seguinte procedemento actuación:

PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

i.-As solicitudes realizaranse cunha antelación mínima de 10 días, antes do inicio da viaxe.

ii.-As solicitudes dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Innovación presentaranse a través do [rexistro electrónico](#) da USC, anexando o seguinte [formulario](#)

Para cumprimentar os datos no rexistro electrónico deberá:

a) Onde pon **órgano ó que vai dirixido** escoller **Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT)**.

b) En **asunto da solicitude** indicar **Solicitude de permisos do persoal contratado en actividades/proxectos e programas de RR.HH.**

Debe ter en conta que sen xestionar as autorizacións obxecto deste procedemento poderá ter problemas de cobertura de asistencia e/ou no cobro de indemnizacións por razón de Servizo (dietas).

Agradecendo a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 8 de Outubro de 2018
A Oficina de Investigación e Tecnoloxía